

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	P.E. TREBOADA E LIÑA DE EVACUACIÓN
Promotor	WIND GROWER, SLU; NIF: B16637241
Localización	CONCELLOS DE CASTRO CALDELAS, CHANDREXA DE QUEIXA, A POBRA DE TRIVES E SAN XOÁN DE RÍO (OURENSE) E RIBAS DE SIL (LUGO)
Expediente	IN408A 2019/078

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS:

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 19/04/2022 e número de rexistro de entrada 2022/827638, traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 01/03/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Analizada a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo.

Faise constar que en relación ao parpadeo de sombras para "o caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación



desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos":

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>

No informe de contestación presentado polo promotor establece a posibilidade de limitar as horas de funcionamento de aqueles aeroxeneradores que superen os limiares de parpadeo anuais que se establezan, utilizando para elo o módulo de sombras do aeroxenerador.

No estudo presentando para "o caso real" obtéñense como resultados en diversos receptores con valores que superan as 8 h/ano, polo que naquelas vivendas que superen este limiar, o proxecto deberá incorporar as correspondentes medidas protectoras, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

